

lista de proxectos secundaria

TÍTULO	GENTRO EDUCATIVO	POBOACIÓN	
1	Estudo sobre a aparición de condutas sexistas a idades temperás	Aulas Tecnópole	San Cibrao das Viñas
2	Luminiscencia, ¿a luz do futuro?	Aulas Tecnópole	San Cibrao das Viñas
3	Proxecto de axuda na reciclaxe para invidentes	Aulas Tecnópole	San Cibrao das Viñas
4	Todo alimento ten algo que contar	Aulas Tecnópole	San Cibrao das Viñas
5	XD by Uxi	Aulas Científico-Tecnolóxicas Isidro Parga Pondal	Ponteceso
6	De cabeza ao cabazo	Aulas Científico-Tecnolóxicas Isidro Parga Pondal	Ponteceso
7	Cero lume	Aulas Científico-Tecnolóxicas Isidro Parga Pondal	Ponteceso
8	New Rubber: reciclaxe e composición dun novo material	Aulas Científico-Tecnolóxicas Isidro Parga Pondal	Ponteceso
9	Prototipo de estante con compartimentos móbiles	Colexio Guillelme Brown	Pereiro de Aguiar
10	Investigación sociolóxica baseada no consumo e desperdicio de produtos rela	Colexio Guillelme Brown	Pereiro de Aguiar
11	Construción de prototipo para mesa con coroa central xiratoria	Colexio Guillelme Brown	Pereiro de Aguiar
12	Estudo do efecto das especies sobre bacterias presentes nos alimentos	Colexio Guillelme Brown	Pereiro de Aguiar
13	Estudo da depredación de "Nucella lapillus" sobre Mytilus galloprovincialis	Colexio Plurilingüe Alborada	Vigo
14	Caracterización dos plásticos da praia de Vilariño (Ría de Aldán)	Colexio Plurilingüe Alborada	Vigo
15	Preparación de medios de cultivo con escamas de peixe e algas vermellas	Colexio Plurilingüe Alborada	Vigo
16	"Rhynchophorus ferrugineus" ¿Un perigo para o carballo (Quercus sp) en Galicia?	Colexio Plurilingüe Alborada	Vigo
17	Hai sesenta anos e hoxe: o clima en Ribadeo	IES de Ribadeo Dionisio Gamallo	Ribadeo
18	¿Poderíase acender a lámpada da miña habitación de forma sen fíos?	Escola Bertran	Sabadell
19	Species calendar plants	IES David Buján	Cambre
20	Makeroid: crea apps sen programar (e moito máis)	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	Santiago de Compostela
21	Plan de acción: reducindo os GEI no concello de Meis	CPI Mosteiro-Meis	Mosteiro
22	Agora vesme, agora non me ves	Colegio Internacional SEK-Atlántico	Poio
23	Metals pesados na auga	IES "Xoán Montes"	Lugo
24	Ramón María Aller, unha vida dedicada á ciencia	Colegio de Fomento Montecastelo	Vigo
25	Relación entre radiación solar e quecemento global: efecto invernadoiro	Colegio Marcote	Vigo
26	Luz UV aplicada aos quirófanos rudimentarios	IES Sánchez Cantón	Pontevedra
27	Proxecto REBINXE: pola recuperación da biodiversidade na xeografía rural	IES Plurilingüe San Rosendo	Mondofredo
28	Kart eléctrico	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Ourense
29	Seguriño	IES Celanova Celso Emilio Ferreiro	Celanova
30	Casa domótica	Colexio Eduardo Pondal Soc. Coop. Gal.	Cangas de Morrazo
31	Foguete de combustible sólido	Colexio Eduardo Pondal Soc. Coop. Gal.	Cangas de Morrazo
32	Que vexetal proporciona máis enerxía eléctrica	CPI do Feal	Narón
33	Árbores bioinvasoras no río Tea, verdade ou ficción?	CPR Plurilingüe Santiago Apóstol	Ponteareas
34	Francamente dannon ás as bebidas enerxéticas?	CPR Plurilingüe Santiago Apóstol	Ponteareas
35	A clave é o terruño?	CPR Santiago Apóstol - Soutomaio	Soutomaio
36	Microclima ou casualidade?	CPR Santiago Apóstol - Soutomaio	Soutomaio
37	Teleconexións climatolóxicas	CPR Santiago Apóstol - Soutomaio	Soutomaio
38	A fermentación etílica	IES A Pinguela	Monforte de Lemos
39	Cal é o zume máis nutritivo?	IES A Pinguela	Monforte de Lemos
40	17M17. Misión a Marte	IES A Xunqueira II	Pontevedra
41	Pontev3DRA	IES A Xunqueira II	Pontevedra
42	Banda RockBótica	IES A Xunqueira II	Pontevedra
43	SunPower	IES A Xunqueira II	Pontevedra
44	Tan negro como o pintan!	IES Castro de Baronceli	Verín
45	Eficiencia enerxética de cocifas solares tipo caixa	IES María Casares	Oleiros
46	Unha nova vida para o papel	IES María Casares	Oleiros
47	Os efectos Weissenberg, Barus e Kaye para determinar a adulteración do mel	Colegio Plurilingüe San José - Josefina Ourense	Ourense
48	As oleorresinas da leña empregada nas grellas o fogo perfecto	Colexio Plurilingüe San José - Josefina Ourense	Ourense
49	As escolas dos nosos avós: "Diario xeral de clase"	INS Ramon Turró i Darder	Malgrat de Mar
50	Proxecto ganador do XIX Premio Luis Freire de Investigación Científica na Escola	Museos Científicos Coruñeses (Concello da Coruña)	

Galiciencia 2018


Para máis información:



e na nosa web:
www.galiciencia.com



Mapa Exposición Proxectos



■ Educación Primaria ■ Educación Secundaria

Ven coñecer a ciencia divertida


9, 10 de maio de 10:00h-13:00h e de 15:00h-18:00h e 11 de maio de 10:00h-13:00h

Benvido/a á Galiciencia 2018!

Comeza pola exposición de proxectos, na que os investigadores e investigadoras do futuro che explicarán os seus traballos científicos e che mostrarán os seus prototipos, experimentos e resultados.

A continuación, goza das actividades organizadas para facer que a túa experiencia sexa completa. Este ano, os nosos talleres teñen como tema central o cambio climático.

A pasalo ben aprendendo!


 **Comprende o cambio climático, cambia o futuro.**
50 minutos. Alumnado de Secundaria/Bacharelato/FP.
Local 21 planta baixa do edificio CEI.

Imaxina que es un/unha negociador/a da Unión Europea nun cumio mundial e tes que tratar cun negacionista do cambio climático como pode ser Donald Trump. Deberás estar moi preparado: coñecer a fondo o problema e saber a ciencia que hai atrás do clima.

Pero isto non ha ser abondo. Tamén terás que realizar experimentos directos, rápidos e sinxelos. E non che virá nada mal contar con habilidades de negociación, coñecementos de psicoloxía, socioloxía e teoría de xogos. Neste taller darémosche as mellores claves para interpretar este fenómeno complexo. Probablemente non te converterás nun/nunha negociador/a en cambio climático, pero de seguro que habemos de axudarche a fomentar o teu compromiso individual e colectivo en prol dun mellor futuro para o noso planeta.

 **O reto do cambio climático. 50 minutos. Alumnado de Secundaria/Bacharelato/FP.**
Local 23 planta baixa do edificio CEI.

Neste taller ofrecerase un espazo de reflexión sobre o tema do cambio climático, dando aos asistentes a oportunidade de mergullarse tanto nos aspectos científicos do quecemento global como de reflexionar sobre as consecuencias dos nosos hábitos de consumo para o planeta. Comprobarase de xeito experimental o efecto invernadoiro xerado pola queima de combustibles fósiles e descubrirase a importancia de tomar medidas preventivas para evitar unha catástrofe da que todos somos responsables.

 **Falamos sobre cambio climático.**
50 minutos. Alumnado de Secundaria/Bacharelato/FP.
Local 48 planta baixa do edificio CEI.

Neste taller búscase ofrecer aos asistentes un espazo de reflexión sobre a problemática do quecemento global. Cun formato de busca do tesouro, os participantes deberán resolver enigmas, descifrar códigos e levar a cabo actividades que lles permitirán ir achegándose ás orixes da problemática do cambio climático e concienciarse sobre a importancia de cambiar os seus hábitos de consumo e de preservar o planeta para as futuras xeracións.



Espectáculo sobre cambio climático con sesión de videostreaming o xoves 10 de maio de 11:00 a 12:00h. 50 minutos. Público xeral.
Salón de actos. Planta soto do edificio CEI.

“Winter is coming”. O clima non foi estable ao longo da historia. Sufriu constantes cambios. O que non sucedera nunca é que unha especie tivese capacidade para modificalo cos seus actos. No espectáculo abordábase a historia do clima e a súa evolución, ilustrándoo con fragmentos de películas e series. Do mesmo xeito, analizábase a importante influencia da actividade humana nas últimas décadas que influíu de forma determinante no proceso de “quecemento global” no que nos atopamos. Fragmentos de “O nome da rosa” ou “Xogo de tronos” darannos a oportunidade de aprender e reflexionar desde unha óptica didáctica e atractiva.



Mobilidade sustentable.
50 minutos. Alumnado de Primaria e Educación Especial.
Local 39 planta baixa do edificio CEI.

Realizaranse varias experiencias que serán reforzadas con material audiovisual. O taller desenvólvese baixo un formato de show didáctico buscando afianzar nos máis cativos conceptos relacionados con novas formas de mobilidade, modelos de transporte máis eficaces e que novos modelos de cidade, vila, aldea hai que potenciar.



Falamos sobre cambio climático.
50 minutos. Alumnado de Primaria e Educación Especial.
Local 26 planta baixa do edificio CEI.

O taller, de carácter eminentemente práctico, presentará aos nenos e ás nenas as distintas problemáticas asociadas ao quecemento global. Utilizando xogos e actividades irase aprendendo que se pode facer para mellorar a saúde do planeta. Coñeceranse as causas do incremento de temperatura, experimentarase os seus efectos, descubrirase a importancia da reciclaxe e converterase aos participantes en protectores e protectoras da natureza.



Retransmisión do programa de radio Efervescencia da Radio Galega o mércores 9 de maio de 14:00 a 15:00h. 55 minutos. Público xeral.
Salón de actos planta soto do edificio.

Imos contarlle ao mundo as ideas, talento e emocións que latexan na Galiciencia. Asistir a un programa en vivo de radio ten un encanto que hai que vivir polo menos unha vez. Invitaremos a investigadores e investigadoras profesionais en cambio climático e contaremos con concursos, sorpresas, e como non, a participación do público. Efervescencia leva desde 2006 divulgando ciencia na Radio Galega, non deixes de subscribirte ao noso podcast. Nas redes somos @efervescencia.

lista de proxectos primaria

título	POBOACIÓN	CENTRO EDUCATIVO
1 ¿Como podemos atorrar auga na casa?	O Pereiro de Aguiar	Colexio Guillelme Brown
2 A linguaxe como medio de comunicación: sistema de escritura Braille	O Pereiro de Aguiar	Colexio Guillelme Brown
3 Inventos da antiga China	O Pereiro de Aguiar	Colexio Guillelme Brown
4 As pirámides e momificación en Exipto	O Pereiro de Aguiar	Colexio Guillelme Brown
5 Como evitar o atasco provocado polas toallinas húmidas	O Pereiro de Aguiar	Colexio Guillelme Brown
6 Electricidade e magnetismo: dínamo e electroián	O Pereiro de Aguiar	Colexio Guillelme Brown
7 Inventos inspirados en máquinas simples. Coñecemos a Leonardo e Arquímedes	O Pereiro de Aguiar	Colexio Guillelme Brown
8 Aplicacións da prancha á vida coitá	O Pereiro de Aguiar	Colexio Guillelme Brown
9 Oxido Vs coca cola	O Pereiro de Aguiar	Colexio Guillelme Brown
10 ¿Que limpará mellor o noso chan?	O Pereiro de Aguiar	Colexio Guillelme Brown
título	POBOACIÓN	CENTRO EDUCATIVO
1 3R e cambio climático no CPI Mosteiro-Meis	Mosteiro	CPI Mosteiro-Meis
2 O cambio climático	Vigo	Colexio Plurilingüe Alborada
3 Estudo da flora das dunas das Illas Cíes	Vigo	Colexio Plurilingüe Alborada
4 Estudo do Fouling sobre material varado na praia dos Olmos	Vigo	Colexio Plurilingüe Alborada
5 A importancia do mexillón como enxeñeiro de ecosistemas	Vigo	Colexio Plurilingüe Alborada
6 A universalidade dos atascos	Vigo	Colexio Plurilingüe Alborada
7 ¿Por que é importante lavar as mans?	Vigo	Colexio Plurilingüe Alborada
8 ¿Podemos usar algas unicelulares para rexenerar solos queimados?	Vigo	Colexio Plurilingüe Alborada
9 ¿Todos os estomas das plantas son iguais?	Vigo	Colexio Plurilingüe Alborada
10 ¿Podemos fabricar un bo pesameño co coláxeno do peixe?	Vigo	Colexio Plurilingüe Alborada
título	POBOACIÓN	CENTRO EDUCATIVO
1 Nós tamén sentimos o cambio climático	Pereiro de Aguiar	CEIP Plurilingüe Ben-Cno-Srey
2 Pegada no pole da contaminación e da biodiversidade na atmosfera	A Valerá (Barbadás)	Filomena Dato
3 Proba do algodón na contaminación do aire	As Lamas (Barbadás)	O Ruxidoiro
4 Quecemento da atmosfera polo efecto invernadoiro	As Lamas (Barbadás)	O Ruxidoiro
5 Ven visitar a nosa estación meteorolóxica	Soutomaior	CPR Santiago Apóstol - Soutomaior
6 Repercusión da inclinación dos raios solares sobre a terra	Soutomaior	CPR Santiago Apóstol - Soutomaior
7 Sanditina	Ourense	CPR Plurilingüe Divino Maestro
8 Proxecto gañador do XIX Premio Luis Freire de Investigación Científica		Museos Científicos Coruñeses (Concello da Coruña)

MÉRCORES

XOVES

VENRES

